O PODER DA ILUSIÓN: A SINGULAR AVENTURA DA CREACIÓN DO IES "PINO MANSO" DO PORRIÑO.

Os primeiros pasos

O IES "Pino Manso" naceu da iniciativa privada, da ilusión dun grupo de porriñeses que pola súa conta e co apoio de José Fernández López asumiron a tarefa de dotar ao Porriño dun instituto no que os mozos e mozas da vila e os das localidades veciñas de Pontearéas, Mos, Salceda de Caselas, As Neves, A Cañiza, etc. puideran estudar o Bacharelato. Nos inicios da década de 1960 eran poucos os camiños para poder realizar estes estudos: marcharse a residir a Vigo ou Pontevedra, desprazarse a diario a esas cidades ou optar por formarse nun centro privado local para despois someterse aos duros exames por libre, xogándose todo o curso a unha proba en xuño, cunha única posibilidade de recuperar en setembro.

A creación do instituto enmarcase nun primeiro proceso de industrialización da vila do Porriño, que se iniciara de forma tímida antes da Guerra Civil coa apertura da primeira factoría dos Matadoiros Rurais Cooperativos de Galicia (MARUCOGA), inaugurada o 3 de abril de 1928 polo xeneral Primo de Rivera. Un novo impulso prodúcese en 1939 coa creación de Zeltia, S.A., laboratorio químico pioneiro en Galicia neste tipo de industrias. Con estas dúas empresas vincúlase o empresario lucense José Fernández López, que tivo un papel fundamental na creación do noso instituto. No ano 1949, tralas experiencias realizadas no matadoiro de Mérida arrenda o do Porriño ante as graves dificultades económicas polas que pasaba. Unha vez conseguida a

propiedade Fernández López converte o matadoiro en puxante empresa cunha primeira denominación de "Industrias Frigoríficas del Louro S.A" e posteriormente de "Frigolouro".

O industrial lucense José Fernández López



Nicanor Ocampo Otero. Veterinario.

Baixo o impulso dos irmáns Antonio e José Fernández López o 3 de agosto de 1939, constituíuse "Zeltia, S. A" , unha pioneira industria química que pretendía producir especialidades farmacéuticas a partir de materias primas da terra como o cornezuelo do centeo. José Fernández López creou no Porriño "Industrias Pecuarias Gallegas S.A"; "Granxa do Louro", "Sial"; "Industrias Forestales Gallegas S.A".; etc. Participou tamén na creación doutras importantes empresas da bisbarra, como "Pescanova S.A". e Transfesa. Esta incipiente modernización económica do Porriño péchase en xaneiro de 1964 coa concesión do "Polo de Desarrollo Industrial", que debería facilitar a instalación de novas industrias nas Gándaras de Budiño.



Primeiras instalacións de Zeltia no Porriño.

Matadoiro de MARUCOGA pouco despois da súa apertura. Inaugurado en 1928 polo xeneral Primo de Rivera. En 1949 foi arrendado por José Fernández López.

En relación coa aparición dun ambiente favorable á cultura e educación é necesario destacar a presenza no inicio da posguerra de persoas de alto nivel científico aos que José Fernández López acolleu en Zeltia tras ser apartados da docencia ou da investigación e sufrir a represión franquista. Entre eles atopábanse os químicos Fernando Calvet Prats, Miguel Catalán Sañudo e Andrés León Maroto; o farmacéutico Faustino Cordón Bonet; o xeólogo Isidro Parga Pondal, os irmáns Isla Couto, Ramón Obella, etc. A finais de 1940 traballaban en Zeltia vinte técnicos licenciados e uns cincocentos obreiros que tiveron a posibilidade de promoción profesional, enriquecendo de paso á propia sociedade porriñesa. Antonio Valverde Mayo recordaba en 1985 que Zeltia funcionara *como una escuela de formación de administrativos, mandos medios y personal especializado, al mismo tiempo, que el nutrido y selecto grupo de técnicos necesarios a la industria, supuso por ósmosis un beneficio extraempresarial, con enriquecimiento del medio social.* Tamén foi a primeira oportunidade para as mulleres porriñesas de incorporarse a un posto de traballo na industria.

Desaparecida Escola "Fernández Areal" proxectada por Antonio Palacios en 1904. Neste lugar pensouse edificar o instituto, integrando a antiga escola no conxunto. O proxecto de Xosé Bar Bóo non prosperou.

Na posta en marcha da iniciativa de crear un instituto foron persoas ligadas a empresas de José Fernández López as que maioritariamente constituíron o "Patronato de Cultura y Beneficencia" Entre eles atopábase o veterinario Nicanor Ocampo Otero; Valentín Sobrini Mezquiriz, que no momento de constituírse o padroado era conselleiro delegado de Zeltia S.A; José Ruiz Gómez que pertencía a Frigoríficos do Louro S.A. e Alejandro Fernández Sío ligado a Industrias Pecuarias S.L. Este padroado levou todo o peso na construción do edificio do instituto e nas xestións co Ministerio de Educación. No labor do padroado destacou Nicanor Ocampo Otero, que tamén sufrira a represión franquista, ao ser acusado en 1948 de pertencer a unha organización socialista que axudaba ás familias dos republicanos represaliados ou falecidos na guerra. Tras unha curta estancia no cárcere de Vigo, estableceuse no Porriño onde traballou como veterinario nas empresas do citado industrial lucense.

Círculo Recreativo e Cultural, proxecto de promoción similar ao do instituto Pino Manso. O edificio rematouse en 1964, un pouco antes do que alberga o instituto.

Nicanor Ocampo Otero tivo tamén unha relevante participación na creación en 1956 do Círculo Recreativo e Cultural do Porriño, un primeiro logro dese ambiente propicio a impulsar a cultura e a educación. Tratábase dunha iniciativa pioneira, xa que nese momento non existían casas de cultura ou institucións similares nos concellos galegos. O "Círculo" pronto se distinguiu en toda a bisbarra por unha prolongada e intensa actividade cultural, que é necesario valorar como froito dunha institución totalmente privada. Destacou a organización de ciclos de conferencias, mesas redondas, concertos, exposicións e representación teatrais, a creación dunha afamada coral, a edición da revista *Acougo,* o fomento do deporte, etc. Neste caso José Fernández López xogou tamén un notable papel no impulso desta institución ao facilitar axudas económicas para mercarlle á familia Gianonatti o terreo da rúa Domingo Bueno onde se levantou a sede social e os avales necesarios para financiar a construción. O edificio, proxectado polo arquitecto Mélida Bosch, foi inaugurado o 29 de agosto de 1964, un par de anos antes de rematarse a construción do noso instituto.

Entre os primeiros comentarios público que tentan espertar a conciencia da necesidade dun centro de Ensino Medio na vila sobresaen os de Antonio Valverde Mayo, mestre de entrañable recordo, que en setembro de 1955 sinalaba nas páxinas do xornal *Faro de Vigo* a posibilidade de que a iniciativa privada e empresarial participara co Concello nesta idea. A finais de 1960 a corporación municipal que preside Porfirio González Gradín ten asumida esta necesidade e propón a creación dun colexio de Ensino Medio legalmente recoñecido. Nun primeiro momento perfílase como emprazamento a desaparecida escola "Fernández Areal", proxectada por Antonio Palacios en 1904 na rúa que hoxe leva o seu nome, no espazo do actual parque "Gonzalo Ordóñez". En decembro de 1960 o Concello do Porriño accede á propiedade do deteriorado inmoble escolar e dos terreos nos que estaba emprazada. O proxecto de reforma e ampliación da antiga escola foille encargado ao prestixioso técnico vigués Xosé Bar Bóo que nese momento desempeñaba o cargo de arquitecto municipal do Porriño. Nese contexto, José Fernández realiza un primeiro ofrecemento de apoio e colaboración económica para levar a cabo a iniciativa.



Plano de emprazamento do instituto. Arquitecto: Ignacio José Bescasa Aler.

En decembro de 1961, ante a presión exercida polos pais e despois de discutir que tipo de centro era o apropiado, a corporación municipal, inclínase pola creación dun "centro oficial de padroado". Para levar a cabo ese fin acorda achegar o cincuenta por centro dos gastos de

construción, que segundo o proxecto de Bar Bóo ascendían a dous millóns de pesetas. O Concello tamén se comprometía a entregar unha subvención anual de 25.000 pesetas, das que 15.000 quedarían reservadas para alumnos con boas capacidades e carentes de recursos. José Fernández López comprometérase a facilitar unha axuda dun millón de pesetas, coa que se completaba o presuposto inicial. Pénsase entón na constitución do padroado, polo que se convoca a unha reunión a José Ruiz, apoderado de José Fernández López, a representantes doutras industrias e a aquelas persoas que se puideran implicar e comprometer co proxecto.

Alzado do proxecto do instituto do Porriño. Arquitecto: Ignacio José Bescasa Aler.

Inicio das obras do "Instituto de Enseñanza Media", hoxe IES "Pino Manso". 1965.

En febreiro de 1962 visitan O Porriño altos cargos da Inspección do Ministerio de Educación Nacional que orientan ás autoridades municipais sobre o tipo de centro máis axeitado para O Porriño, co que estas cambian o acordo anterior e inclínanse pola constitución dun "colexio libre adoptado". Con todo, a decisión non foi definitiva en nun pleno de marzo dese mesmo ano, tómase por unanimidade a resolución de adoptar un "colexio recoñecido superior" que sería administrado por un padroado. En agosto dese mesmo ano a corporación municipal acorda levar a cabo a primeira fase do centro educativo, para o que contaba coa doazón dun millón de pesetas anunciada por José Fernández López, trescentas mil pesetas consignadas no

orzamento e o importe dunhas parcelas municipais incluídas no inventario de bens. Con tal motivo o Concello solicita do Ministerio da Gobernación a autorización para levar a cabo a poxa de varias terreos de escasa superficie sobrantes das vías públicas. Os pais e nais, mediante unha instancia, quéixanse ao Concello das desvantaxes do "colexio libre adoptado", ao implicar que o alumnado fora examinado por un tribunal do instituto oficial máis próximo e que os profesores non foran necesariamente licenciados, agás o director e o secretario.

Obras do instituto de Ensino Medio do Porriño. Agosto 1965. Fotos Ángel Toucedo.



Obras do instituto de Ensino Medio do Porriño. Agosto 1965. Fotos Ángel Toucedo.

Un decisivo cambio de orientación na iniciativa prodúcese coa chegada á alcaldía de Gonzalo Ordóñez Pérez, que toma posesión o 24 de agosto de 1963. En setembro dese mesmo ano constitúese unha comisión para estudar a creación dun padroado que se encargaría de desenvolver todo tipo de actividades educativas e culturais, entre as que era prioritaria a da creación dun centro de Ensino Medio. Pensábase nun centro que impartira todo o Bacharelato e incluso o Preuniversitario, no que todo o alumnado tivera a consideración de oficial.

A dificultosa obra do edificio do instituto.

A finais de outubro, nas páxinas do xornal vigués *El Pueblo Gallego*, o alcalde Gonzalo Ordóñez e o veterinario Nicanor Ocampo transmitían a agradable nova de que se mercara un amplo solar na Gulpilleira cunha primeira axuda económica de José Fernández López. O plan era ambicioso, posto que nestes terreos se pretendía construír un edificio para instituto de Ensino Medio, vivendas para os profesores e un colexio menor. Na actualidade unha parte deste solar está ocupado polo noso instituto, polo colexio "Fernández López", pavillón de deportes e piscina municipal. A importante achega económica do industrial lucense, investida no citado solar, foi doada como fondo económico da fundación "Patronato de Cultura y Beneficiencia" que se constitúe no Porriño nese momento. O proxecto do edificio trazouno nesas datas o arquitecto coruñés Ignacio José Bescansa Aler, técnico do Ministerio de Educación



Estrutura de formigón do edificio de Ensino Medio do Porriño. 1965 – 1966.

A fundación "Patronato de Cultura y Beneficiencia" constitúese cun capital inicial de 2.750.000 pesetas, achegadas por José Fernández que, como se sinalou, era o valor dos terreos mercados na "Gulpilleira" ou "Pino Manso". Nese momento tamén achegan 25.000 pesetas de cota anual como patróns as empresas Zeltia S.A., Industrias Frigoríficas do Louro S.A. e

Industrias Pecuarias Gallegas S.A.. Na etapa na que se leva a cabo creación oficial do instituto, a construción do edificio, comezo da actividade académica e posterior cesión do inmoble ao Ministerio de Educación o padroado está integrado polo alcalde Gonzalo Ordóñez que actúa como presidente; José Ruiz Gómez, xerente do matadoiro; Vicente Sobrini Mezquiriz, conselleiro delegado de Zeltia S.A., que en abril de 1966 asume a vicepresidencia do padroado; Luciano Toro Ruiz, do equipo de administración de Zeltia S.A., Alejandro Fernández Sío, avogado ligado á Industrias Pecuarias Gallegas S.A. e máis tarde xerente de Industrias Frigoríficas del Louro S.A.; Nicanor Ocampo Otero, director da Granxa do Louro, que xoga un destacado papel en todo o proceso de creación do instituto; José María Quiroga, párroco de Santa María do Porriño e Alfonso Santos Lago, director da sucursal no Porriño da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, que desempeña o cargo de depositario. Puntualmente cobren as ausencias de patróns ausentes o químico José Varela Feijó e o contable do matadoiro Diego Domínguez Fernández. A partir de 1972 aparecen como novos membros do padroado Diego Domínguez e Javier González Vázquez. Na sesión de 27 de xuño de 1974 incorpórase Avelina Lorenzo Rey, en representación do Concello do Porriño.

Inauguración do "Instituto Nacional de Ensino Medio". 24 de outubro de 1966.

Os membros do padroado adoptan todo tipo de decisións sobre o futuro instituto, manteñen en Madrid contactos co Ministerio de Educación, contratan e controlan as obras do edificio, pagan as diversas contratas, solicitan créditos, etc. A finais do ano 1963 dan froito as xestións realizadas en Madrid polo alcalde e outros membros do padroado co que se resolve definitivamente a cuestión do tipo de centro que se instalaría no Porriño. O 28 de decembro de 1963 o Ministerio de Educación Nacional autorizaba establecer un "Instituto Nacional de Enseñanza Media" de carácter mixto. No acordo establécense unha serie de condicións que farían posible a súa transformación nun centro oficial. Nelas indicábase que: *El Ayuntamiento de Porriño construirá a sus expensas en el solar que cederá un Patronato de dicha localidad, un edificio de nueva planta para Instituto Nacional de Enseñanza Media mixto, que deberá alcanzar la cifra de 15.000 metros*

cuadrados de superficie edificada y de la que se destine a campos de recreo, deportes y demás terrenos, haciéndose el ayuntamiento responsable subsidiario de este compromiso. (...) *El Ayuntamiento dotará al Instituto de todas las instalaciones necesarias para la enseñanza del Bachillerato Elemental, del Superior y del Curso Preuniversitario y para el funcionamiento de los servicios administrativos, siendo de cuenta del Ministerio de Educación Nacional la dotación del mobiliario y del material didáctico...* O Ministerio de Educación asumiría os gastos de funcionamento e sometería a aprobación do goberno o decreto de creación do "Instituto Nacional de Enseñanza Media" do Porriño.

Edificio do IES "Pino Manso" cara ao ano 1966, trala súa construción.

Edifício do IES "Pino Manso" cara ao ano 1966, trala súa construción.

Vestíbulo do instituto trala súa inauguración en 1966.

Vista lateral do IES “Pino Manso” cara ao ano 1966, pouco despois de rematarse a construción.

María do Carme Pintos Vieites, primeira directora do centro, acompañada do alcalde do Porriño e de José Fernández López nunha visita do gobernador civil. Febreiro de 1968

A finais de 1964 o Ministerio de Educación aproba o proxecto definitivo do edificio, polo que o padroado intensifica a campaña de promoción da iniciativa co fin de obter novas achegas económicas. Para axilizar o seu funcionamento ante o inicio das obras créase unha comisión permanente formada polo alcalde Gonzalo Ordóñez, Nicanor Ocampo, José Ruiz e Alejandro Fernández Sío. O padroado acorda levar a cabo a construción polo sistema de administración, xustificando a decisión na probada experiencia dalgúns dos seus membros neste tipo de cuestións ao asumir obras similares ou maiores nas empresas de José Fernández López. Para levantar o edificio do instituto contaron con axuda inestimable do aparellador Ángel Toucedo Álvarez, que contaba cunha probada experiencia en Madrid, onde traballou ata asumir este encargo no Porriño. Tamén foron pezas destacadas os construtores Eduardo Palmeiro López e José Montes Silva, que xa traballaran en obras do industrial lucense en Mérida. Estes contratistas conformaban a empresa "Construcciones Palmeiro" que no tramo final das obras, foi absorbida por "Construcciones Louriña, S.A.".

Para financiar as obras, que están en marcha no verán de 1965, o padroado contrata coa Caixa de Aforros Municipal de Vigo un crédito de nove millóns de pesetas co aval de José Fernández López. Tamén solicita que o Concello active a venda das parcelas sobrantes de vías públicas para contribuír aos gastos. No control da construción, ademais do aparellador Ángel Toucedo, tivo un notable papel Nicanor Ocampo. Para axilizar o proceso, o padroado autoriza a "Construcciones

Palmeiro" a subcontratar os traballos de formigón, ademais de permitir levar a cabo as obras dos tabiques polo sistema de pago a traballo feito (*destajo*). No mes de xullo de 1966 o presidente do padroado Gonzalo Ordóñez nunha visita a Madrid dálle garantías ao director xeral de Ensino Medio de que a finais de setembro dese ano o corpo central e toda a ala dereita quedarían concluídos, co que sería posible comezar as clases do Bacharelato Elemental no novo edificio. En pleno verán chega ao Porriño a esperada nova da creación oficial do "Instituto de Enseñanza Media Mixto", tralo acordo do Consello de Ministros, reunido no pazo de Meirás o 12 de agosto de 1966.

Visita das autoridades provinciais ás aulas do laboratorio. Febreiro de 1968

Sala de profesores nos primeiros anos de funcionamento do instituto.

O poder da ilusión: os estudios de Bacharelato no Porriño.

Nese verán de 1966 intensifícase o ritmo de obras e a finais de setembro estaban listas vinte e dúas aulas, algunhas máis das que se contemplaran nas previsións máis optimistas. Nesas datas os porriñeses e porriñesas puideron ler con satisfacción na prensa viguesa esta pequena nota: *Del día 3 al 8 próximo mes de octubre se abre el plazo de matrícula para verificar los exámenes de ingreso en este Instituto. Asimismo, a partir del día 3 hasta el día 15 queda abierto el plazo de matrícula de primero a cuarto curso. Las normas relacionadas con esta convocatoria figuran expuestas en el tablón de anuncio de este centro.* Uns días despois aparecía o anuncio da celebración dos perceptivos exames de ingreso previstos para o 15 de outubro. Na parte académica a posta en marcha do novo centro correspondeulle á catedrática de Lingua e Literatura Castelá, María do Carme Pintos Vieites, primeira directora do noso instituto. O cargo de secretario foi asumido por Urbano Pérez González, que o desempeña por un longo período de tempo, ata que no curso 1980-81 obtén destino en Vigo. A inauguración do curso académico, e polo tanto a do propio instituto, levouse a cabo o 24 de outubro de 1966 coa presenza do filántropo José Fernández López e das autoridades locais e provinciais. Ao día seguinte constituíse o primeiro claustro aínda cun reducido número de profesores.



Aula laboratorio pouco despois de inaugurado o centro.

No curso 1966-1967 impartíronse soamente as materias do Bacharelato Elemental a un total de 158 alumnos e alumnas, que como era norma neses anos asistían a clases separados. Tamén no comedor, que funcionou nos primeiros anos no instituto, comían separados os rapaces e as rapazas. No seguinte curso complétase o proceso de conformación do novo centro e implántase os cursos de quinto e sexto do Bacharelato Superior e o Preuniversitario. Nese

momento no instituto están matriculados 398 alumnos, dos que 190 eran mozas e 208 mozos. O alumnado procedía tamén de concellos veciños como Salceda de Caselas, Tui, A Cañiza, Ponteareas, Salvaterra, As Neves, etc.

A capela do instituto pouco despois de iniciada a actividade académica.

Aula de debuxo pouco tempo despois de iniciarse as clases no novo centro.

En novembro de 1966, tralo inicio do curso, a situación económica da fundación comezou a ser preocupante. O edificio non estaba rematado e o que faltaba por realizar valorábase nuns dous millóns e medio de pesetas. Nese contexto o padroado contrata en 1967 un novo crédito de catro millóns de pesetas coa Caixa de Aforros de Pontevedra. A situación de penuria económica leva aos membros do padroado a buscar novos patróns en empresas do Porriño, pero sobre todo a negociar co Ministerio de Educación para que asuma a liquidación dos préstamos. Nesas conversas o padroado reivindicaba a necesidade que tiña de recuperarse economicamente para poder levar a cabo outros proxectos, entre os que se atopaba a entro dos proxectos falábase da construción de vivendas para o profesorado, dun colexio, dunha biblioteca e de diversas dotacións deportivas.

Comedor de alumnas. Nos primeiros anos o instituto contou con servizo de comedor.



Exhibición de ximnasia no día de Santo Tomás de Aquino. Cara aos anos 1968 e 1969

Exhibición de ximnasia cara aos anos 1968 e 1969

O depositario Alfonso Santos e o contable do matadoiro Diego Domínguez calculaban que o custe do edificio construído estaba próximo a quince millóns e medio de pesetas. O acordo co Ministerio non chega e a fundación segue pagando as cotas dos respectivos créditos. Na memoria da fundación do período 1968-69, sinálase que contribuían ao seu funcionamento con 25.000 ou 50.000 pesetas anuais as seguintes empresas: Industrias Frigoríficas del Louro S.A.; Zeltia S.A.; Cooper-Zeltia S.A.; Ici-Farma S.A.; Zeltia-Agraria S.A.; Explotaciones Pecuarias S.A.; Industrias Forestales Gallegas S.A.; Riego Porriño S.A.; Pérez Leirós S.L.; Granxas Himahe S.L. e Censa. Con cantidades similares eran patróns o Círculo Recreativo Cultural e a Asociación de Cabezas de Familia.



Exhibición de ximnasia no día de Santo Tomás de Aquino.

Os problemas económicos agrávanse en 1969 e as entidades bancarias ameazan con iniciar accións legais para reclamar as cantidades non pagadas. O 30 de xuño de 1969 o director xeral de Ensino Medio comunícalle ao presidente do padroado que o Ministerio acordara proceder á adquisición do edificio do instituto e da parcela de 10.320 metros cadrados no que se emprazaba. Trala correspondente segregación deste solar dos amplos terreos mercados na Gulpilleira a fundación aínda dispuña de máis de trescentas vinte e oito áreas (32.807 m^2). Unha parte foi cedida pola fundación para construír o actual colexio "José Fernández López".

Exercicios de saltos, baixo a atenta mira de Julio Rey , profesor de Educación Física de grato recordo para o alumnado deste centro.

A valoración do edificio por parte da Unidade Técnica do Ministerio de Educación foi de 13.897.532,50 pesetas. No proceso final da negociación o edificio correu o risco de ser embargado, ao recibirse notificación do xulgado do inicio dese proceso por parte da Caixa de Aforros de Pontevedra. En marzo de 1970 a Caixa de Aforros de Vigo comunica que, de non liquidar a débeda, iniciaría un proceso similar. Nese contexto, Gonzalo Ordóñez, presidente do padroado e alcalde, intensifica as xestións en Madrid. En abril de 1970 recíbese no Porriño a nova de que o Ministerio de Educación aceptaba a cesión do terreo e do edificio do instituto por trece millóns de pesetas. A finas dese mesmo ano ese organismo acordou definitivamente realizar un gasto de trece millóns de pesetas para levar a cabo a compra. Efectuado o pago, a fundación cancelou o crédito da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra e deixou o resto para cumprir as obrigas contraídas coa Caixa de Aforros de Vigo e para abordar novos proxectos.

Vista da fachada posterior do IES "Pino Manso" cara ao ano 1966, pouco despois de rematar as obras.

O instituto supuxo a democratización do Ensino Medio na comarca do Porriño, ao permitir que familias con poucos recursos económicos puideron facilitarlle aos seus fillos e fillas unha mellor formación. Tamén favoreceu o proceso de igualdade entre homes e mulleres, ao poder estas últimas acceder ao Bacharelato, dado que antes quedaban relegadas cando a falta de recursos impedía saír fóra do Porriño a cursar estes estudos. Pola xenerosa vinculación de José Fernández López co Porriño a corporación municipal outórgalle o 17 de agosto de 1973 o nomeamento de "Fillo Adoptivo do Porriño". O 23 de setembro de 2004, a iniciativa do Círculo Recreativo e Cultural, déuselle o seu nome á rúa que dende a de Domingo Bueno arranca entre a Casa de Cultura e o propio Círculo



P A R A S A B E R M Á I S

Unha maior información sobre a historia da creación do IES "Pino Manso" atópase no libro publicado con motivo do corenta aniversario da súa inauguración: *Instituto de Ensino Secundario. Pino Manso. Corenta anos de presenza no Porriño (1966-2006)*. Foi editado coa colaboración do Concello do Porriño por edicións do Cumio. Ademais de incluír unha ampla monografía sobre a historia da creación do centro e da construción do seu edificio, recolle unha longa serie de artigos no que os antigos alumnos contan as súas experiencias.